

Convenio entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e varias empresas en materia de formación profesional dual.

Santiago de Compostela, 17 de xuño de 2021

REUNIDOS

Dunha parte, don Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia, en representación desta consellería, en virtude do seu nomeamento polo Decreto 111/2020, do 6 de setembro e no uso das atribucións que lle confire o Decreto 198/2020, do 20 de novembro, no que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e o artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra don _____, socio único da empresa Regulación electrónica Viguesa, S.L., como representante legal desta, en virtude das atribucións concedidas por escritura pública ante o notario don _____, con data ___ de ___ de ___ e número de protocolo ___.

Doutra dona _____, representante das empresas Aludec Inyección, S.A., como representante legal desta, en virtude das atribucións concedidas por escritura pública ante o notario don _____ con data ___ de ___ de ___ e número de protocolo ___.

Doutra dona _____, representante da empresa Aludec Componentes, S.A., como representante legal destas, en virtude das atribucións concedidas por escritura pública ante o notario don _____ con data ___ de ___ de ___ e número de protocolo ___.

Doutra dona _____, representante da empresa Aludec Stamping, S.A., como representante legal destas, en virtude das atribucións concedidas por escritura pública ante o notario don _____ con data ___ de ___ de ___ e número de protocolo ___.

E doutra don _____, administrador único da empresa Distevi, S.L., como representante legal desta, en virtude das atribucións concedidas por escritura pública ante o notario don _____, con data ___ de _____ de _____ e número de protocolo _____.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para convir, en nome das entidades que representan, teñen conferidas

EXPOÑEN

1º. Que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade asinou coas empresas Ingeniería gallega de sistemas automatizados, S.L., Automatismos y electromecánica S.L., Montajes eléctricos de Galicia S.L., Sociedad gestora de mantenimiento e instalaciones, S.L., Ferry drive & control, S.L., Hermansa canning technology, S.A. e Talleres electrotécnicos de Pontevedra, SCOOP., un convenio para a implantación dun sistema de formación profesional dual polo réxime de bolsas no IES Plurilingüe A Paralaia para o ciclo formativo de Automatización e robótica industrial.

2º. Que o obxecto deste convenio é establecer a participación das empresas Regulación electrónica Viguesa, S.L., Aludec Inyección, S.A., Aludec Stamping, S.A., Aludec Componentes, S.A., e Distevi, S.L., no anterior convenio.

En consecuencia, estes organismos acordan subscribir este convenio, con base nas seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira. Que as empresas Regulación electrónica Viguesa, S.L., Aludec Inyección, S.A., Aludec Stamping, S.A., Aludec Componentes, S.A., e Distevi, S.L., aceptan as condicións e as cláusulas establecidas no convenio asinado previamente entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e as empresas Ingeniería gallega de sistemas automatizados, S.L., Automatismos y electromecánica S.L., Montajes eléctricos de Galicia S.L., Sociedad gestora de mantenimiento e instalaciones, S.L., Ferry drive & control, S.L., Hermansa canning technology, S.A. e Talleres electrotécnicos de Pontevedra, SCOOP, para a implantación dun sistema de formación profesional dual polo réxime de bolsas.

Segunda. As empresas Regulación electrónica Viquesa, S.L., Aludec Inyección, S.A., Aludec Stamping, S.A., Aludec Componentes, S.A., e Distevi, S.L., comprométense a acoller nas súas instalacións a 2 alumnos e alumnas.

Terceira. Ampliase a comisión de seguimento, control e supervisión, establecida no convenio asinado entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e as empresas Ingeniería gallega de sistemas automatizados, S.L., Automatismos y electromecánica S.L., Montajes eléctricos de Galicia S.L., Sociedad gestora de mantenimiento e instalaciones, S.L., Ferry drive & control, S.L., Hermansa canning technology, S.A. e Talleres electrotécnicos de Pontevedra, SCOOP, cun representante para cada empresa asinante.

Cuarta. O convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata a finalización do proxecto.

Quinta. Este convenio de colaboración posúe carácter administrativo por razón do contido e das materias sobre as que versa, as cales, ao abeiro do disposto no artigo 6 do Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público, o exclúen do seu ámbito de aplicación, sen prexuízo da aplicación dos principios desta para resolver as lagoas ou dúbidas que a súa aplicación suscite.

Dada a natureza administrativa deste instrumento xurídico, as controversias ou cuestións litixiosas que xurdiren na súa aplicación e non puideren ser solucionadas no seo da comisión de seguimento serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

Con respecto da protección de datos, as empresas comprométense a respectar a Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Lido este convenio, atópano conforme e asínano

1. ANEXO

1.1 Identificación

Convenio entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e varias empresas en materia de formación profesional dual.

Código: C2021004402

1.2 Distribución de postos de formación por empresa

Empresa	Nº de prazas
Regulación electrónica Viguesa, S.L.	1
Aludec Inyección, S.A.	1
Aludec Stamping, S.A.	1
Aludec Componentes, S.A.	1
Distevi, S.L.,	1
Total	5